

MEMORIA ECONÓMICA DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO NO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS.

O obxecto da presente memoria é realizar un estudo económico do contrato do servizo de axuda a domicilio (en adiante SAD) no Concello de Monforte de Lemos.

A continuación detállanse os aspectos económicos do contrato a ter en conta:

1. INGRESOS

A empresa adjudicataria recibirá unha retribución mensual polo número de horas do SAD que preste segundo o previsto nos pregos de contratación.

Enténdese como hora de servizo o tempo efectivamente prestado ó usuario, incluíndose no prezo os custos derivados do transporte, coordinación, formación, supervisión, etc. Así coma os custos dos medios materiais, seguros e calquer tipo de taxa, tributo ou imposto que deba sufragar o adjudicatario.

O prezo hora máximo de licitación, en días laborables establécese en 13,44 €, sen IVE.

O prezo hora máximo de licitación, en días festivos establécese en 15,45 €, sen IVE.

O prezo con IVE dependerá do servizo do que se trate: a atención a dependentes ten un IVE do 4% e a atención básica ten un IVE do 10%.

O adjudicatario remitirá mensualmente dúas facturas ó Concello: unha pola prestación do servizo a dependentes, e outra pola prestación de axuda básica, polas horas correspondentes a cada unha.

2. GASTOS

2.A. GASTOS DE PERSOAL

Os custos de persoal estímense en base ó previsto no convenio colectivo para a Actividade de Axuda a Domicilio de Galicia, coas revisións salariais aprobadas ó abeiro do antedito.

	SALARIO BASE	ANTIGÜIDADE	FESTIVO	SEG SOCIAL	TOTAL SALARIO ANO*14	TOTAL SS ANO	CUSTE TOTAL ANO 2016	CUSTE TOTAL ANO 2017
COORDINADORA	1.440,96	18,61	18,58	480,40	20.694,10	6.725,58	27.419,68	27.858,40
AUXILIAR	995,09	18,61	18,58	335,49	14.451,92	4.696,87	19.148,79	19.455,17

O número de empregados da empresa actualmente adjudicataria é o seguinte, segundo notificación remitida o 22/12/2016:

COORDINADORAS	3	O número de coordinadores vén establecido por Lei, en función do número de usuarios, neste caso serán tres, partindo dun número de usuarios actual de 207
AUXILIARES	47	O número de auxiliares non está establecido, senón que se disporá dun número suficiente para garantir a cobertura da xestión cotiá do servizo e as incidencias diarias que poidan xurdir.

Partindo dos datos anteriores, tendo en conta que as horas de prestación de servizo a 31/12/2016 ascenden a 66.048,38 (inclúense ademais 1000 horas a maiores previstas na dependencia aínda non autorizadas pola Xunta de Galicia). Tendo en conta que a xornada anual é de 1755 horas para os traballadores do sector (art. 37 do convenio) o número de traballadores a xornada completa necesarios para a prestación do servizo é de 38.

	HORAS	%	TOTAL	AUXILIARES=HS/XDA EFECTIVA = 37,63
BÁSICA NORMAL	15.841,76	0,24	66.048,38	
DEPENDENCIA NORMAL	42.976,21	0,65		
DEPENDENCIA FESTIVA	7.230,41	0,11		

Para o cálculo do custo do servizo tomaremos como referencia 38 traballadores a xornada completa.

	CUSTE TOTAL ANO / TRABALLADOR	XORNADA	CUSTO HORA	NÚM TRAB.	CUSTE TOTAL PERSOAL
COORDINADORA	27.858,40	1755	15,87	3	83.575,19
AUXILIAR	19.455,17	1755	11,09	38	739.296,64
					822.871,83

O custo da hora será polo tanto de

	CUSTE TOTAL ANO 2017	XORNADA	CUSTO HORA
COORDINADORA	27.858,40	1755	15,87
AUXILIAR	19.455,17	1755	11,09

2.B. CUSTOS DE XESTIÓN

Incluimos aquí as previsións de gastos necesario para poder levar a cabo o servizo, en base ás estimacións de gastos proporcionadas pola actual adxudicataria:

CUSTOS DE EXPLOTACIÓN	
SUBMINISTROS	9.907,26
VESTIARIO	7.925,81
OUTROS	4.623,39
TOTAL	22.456,45

2.C. CUSTO TOTAL

Visto o anterior, sumados os custos de persoal e de explotación, tomando en conta un beneficio do 4% mínimo e que a hora festiva ten un custo do 15% máis que a normal, o custo total que se obtén por hora é o seguinte:

		HORA NORMAL	HORA FESTIVA
CUSTO PERSOAL	822.871,83	12,46	14,33
CUSTOS DE EXPLOTACIÓN	22.456,45	0,34	0,39
BENEFICIO (4%)	42.266,41	0,64	0,74
TOTAIS	887.594,69	13,44	15,45

3. PREZO DO CONTRATO

	TOTAL HORAS	PREZO/HORA	CUSTO	IVE	CUSTO TOTAL IVE ENGADIDO
BASICA NORMAL	15.841,76	13,44	212.890,34	10%	234.179,37
DEPENDENCIA NORMAL	42.976,21	13,44	577.538,10	4%	600.639,63
DEPENDENCIA FESTIVA	7.230,41	15,45	111.741,19	4%	116.210,84
	66.048,38		902.169,63		951.029,84

Polo tanto, a estimación do custo anual do servizo, coas premisas anteriores establécese en 951.029,84 €.

Monforte de Lemos, 30 de xaneiro de 2017

A Interventora Acta

